**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº3/2017, ORDINARIA, REALIZADA O 30 DE MARZO DE 2017.**

**ASISTENTES**

**Presidente**
Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

**Concelleiros/as**
**Grupo municipal do PP**
DUARTE GERPE, Florinda
RAMILO VARELA, Margarita
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**
COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

**Grupo municipal mixto**
BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

**Interventora do Concello**
Noemí González Mato

Secretario do Concello
Diego García Doval

**HORA DE INICIO:** 12:03
**HORA DE REMATE:** 13:41

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:03 horas do 30 de marzo de 2017, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 27 de marzo de 2017, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 3/2017, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

**O R D E D O D Í A**

**Parte resolutiva da sesión**

**1.-** Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 2/2017, ordinaria, do 22 de febreiro de 2017).

**2.-** Proposta de aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2017.

**3.-** Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017.

**Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**

**4.-** Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

**5.-** Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

**6.-**Rogos e preguntas.

**PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( Nº 2/2017, ORDINARIA, DO 22 DE FEBREIRO DE 2017).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2/2017, ordinaria, do 22 de febreiro de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2017.**

**EXPOSICIÓN**

**No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de marzo de 2017, como segue:**

**"*PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2017***

*Logo de formarse por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2017, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), cunha consignación total de crédito para gastos por importe de 5.005.959,45 euros , e unha previsión total de ingresos por importe de 5.169.100,64 euros.*

*Logo de ver o informe económico-financeiro emitido o 07 de febreiro de 2017 por esta Alcaldía en relación a tal proxecto de orzamento, así coma senllos informes da Interventora do Concello, do 09 de marzo de 2017, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (no que se indica que se cumpre tal obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais), e do 09 de marzo de 2017 sobre a globalidade do proxecto de orzamento.*

*Logo de someterse o expediente do proxecto de orzamento á mesa de negociación realizada o 21 de marzo de 2017.*

*De acordo co establecido no artigo 168.4 TRLRFL, unha vez informado pola Intervención o proxecto de orzamento xeral do Concello para 2017, logo de someterse á mesa de negociación en relación ás materias establecidas no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e do preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e*

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

***PROPOÑO***

*Que adopte os seguintes acordos:*

***1.**-Aprobar incialmente o orzamento xeral do Concello de Carral para o ano 2017 cunhas previsións no orzamento de ingresos de 5.169.100,64 € e unha consignación no orzamento de gastos de 5.005.959,45 €.*

***2.**- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

***3.**- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello , previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña , polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

***4.**- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.*

***5.**- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista. ".*

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de marzo de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a tres votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

**DEBATE**

O señor Alcalde explica que xa tiveron a comisión informativa, na que puideron preguntar dúbidas á Intervención e á Alcaldía, que presentou a súa memoria. Expón que o orzamento ten máis ingresos que gastos e que ronda uns cinco millóns de euros, cunhas características importantes: Baixa o gasto de persoal (xa que hai unha xubilación); redúcense os gastos en xuros financeiros, ao ir amortizando o crédito vixente; indica que no gasto en investimentos reais se inclúen algunhas obras non contratadas no ano anterior, e que se chega a un importe de arredor de 1.196.000 euros en comparación cuns 802.000 do ano anterior. Por outra banda, explica que o orzamento se presenta nestas datas cando o normal sería comezar o exercicio con el aprobado, porque a Deputación, da que dependemos moito, presentou un único plan de subvencións, en vez de varios, e houbo que facer proxectos para aproveitalo, mais funciónase co orzamento prorrogado, de xeito que non se paralizou o funcionamento do Concello.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que lle parece "marabilloso" que a presentación do orzamento só consista en pedir perdón polo retraso e dicir que ronda uns cinco millóns de euros con máis ingresos que gastos, sen explicar nada máis, Coida que o señor Alcalde podía dicir por que hai tantos ingresos e explicar que pode haber máis formas de acadalos, e que por iso presentará unha moción para incrementar algunhas taxas empresariais. Indica que o incremento máis grande en relación ao ano pasado é duns 300.000 euros en pavementacións, e non en medio ambiente, conservación ou axudas para o campo pola velutina ou pola plaga das patacas, e pregúntase por qué sempre se gasta en pavementar, en lugar de fomentar o entorno verde. Engade que houbo pouca participación dos grupos políticos e dos veciños nos orzamentos, a pesar de vir solicitándollo, e coida que o equipo de goberno segue,

como di a Intervención, endebedando e non investindo, e por iso anuncia que votará en contra da proposta.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) opina que non ten sentido restrasar esta aprobación ao terceiro mes do ano, xa que a Deputación xa lle deu os datos con anterioridade, que son sensiblemente iguais aos do ano anterior, cun incremento, polo que non lle parece excusa. Coida que se debe máis á inoperancia do goberno, coma no caso de obras correspondentes ao ano pasado que non se fixeron, fundamentalmente a reforma do parque infsantil que, nc súa opinión, cada vez está pior, e é urxente arranxalo, e construir outro, igual que outros asfaltados que non se fixeron, polo que parece que o orzamento medra. No resto, coida que o incremento polo IBI é pola regularización da central de Meirama. Opina que as obras previstas non priorizan as necesidades do pobo e que, salvo o parque infantil, o resto son asfaltados e incica que, aínda que non está en contra de que haxa un bo pavemento, o goberno debería priorizar os gastos e non adicalos a pistas no monte polas que pasan tres coches ao día.Expón o que considera algunhas necesidades, coma o arranxo dos accesos ao IES por diante (mediante unha pasarela peonil que custaría uns 180.000 €) e por detrás. Lembra que se anuncio no xornal feito con cartos de todos a ampliacióndo Campo da Feira e non hai partida para iso; non aparecen os 150.000 € da Xunta para o centro de día, a menos que se fixese unha transferencia "*das que fai o PP*" sen enteirarse o resto dos grupos; compra unha finca para a pista polideportiva de Sergude e non ten partida para facela, o que quizais deixará para o ano preelectoral "*e xa non cola*"; tampouco consta partida para unha pista en San Vicente de Vigo; coida que A Brexa só a usan catro persoas e para ceibar aos cans, pois é un sitio frío con malos accesos: indica que presentan unha emenda para iluminar e arranxar os accesos para discapacitados ou carriños de bebé; opina que o obiliario urbano está destrozado e non hai partida para papeleiras nin bancos; non se aborda a cuberta das pistas de pádel; non hai nada para abastecemento de auga e, se se conecta Culleredo co deposito de Tabeaio, Carral tería un serio problema ( en relación ao que anuncia unha moción sobre o estado da rede e da súa ampliación; coida que non se lle esixe a EMALCSA o cumprimento do convenio e que é unha empresa privada con capital público que está a facer "*o que lle dá a gana*"; tampouco hai nada para parques biosaludables nin para ampliar a limpeza do colexio; coida que se destina sobre o 10% do orzamento ao pagamento da débeda pública derivada do pagamento a provedores; as obras son todas asfaltados agás o parque infantil; espera que a limpeza viaria e de xardíns a poida realizar c mesma empresa, mais cun mínimo convenio coma garantía para o Concello e para os traballadores daquela; reitera que na mesma situación está Endebén Ordes polo servizo de axuda no fogar, que cobra todos os anos uns 250.000 € sen contrato nin garantías de subrogación para os traballadores, e sen que o Concello saiba se lle pode saír máis barato, dándollle oportunidade a outros; en canto á partida de 8.000 € para o fometo do emprego, acepta o que cixeron na comisión, que está previsto en máis partidas; lembra que o Alcalde elixiu a construción do spa con cargo aos fondos de Zapatero para obras sostibles, e que supón un pagamento duns 100.000 € a unha empresa para uns douscentos socios: Opina que, por uns 500 € ao ano por caca socio, era mellor pagarlles un aboamento e taxi a todos, polo que coida que se debería facer un axuste ao respecto; por outra banda, opina que co soldo duns 190.000 € do equipo de goberno, non se xustifica tardar uns tres meses en entregar o orzamento.

Por outra banda, o señor Couto explica as emendas ao orzamento que propón o seu grupo, que se presentaron por escrito o 29 de marzo de 2017 (entrada 672), e que se transcreben a continuación:

***"GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL***

***ENMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CARRAL PARA O ANO 2017***

**ENMENDA Nº1**

**AUMENTO DO FONDO DE EMERXENCIA SOCIAL**

| Proposta | Programa | Econ. | Concepto | Emenda |
|---|---|---|---|---|
| Aumenta | 231 | 48002 | Emerxencia Social | 15000 |
| Diminúe | 150 | 22111 | Suministros de reposto de maquinaria | -15000 |

**MOTIVACIÓN**

Esta partida foi esgotada o ano pasado estando dotado cos mesmos 5000 € que o presente 2017, de xeito completouse cunha aportación de 3500 € dunha fundación privada. E dicir non foi suficiente o contemplado nos orzamentos 2016.

O fin de non ter que depender, nun xeito tan sensible e importante como este, da solidaridade de entes privados, e para garantir a posible axuda os veciños e veciñas do Concello, proponse o aumento desta partida ata os 20.000 €, deducindo os 15.000 necesarios da partida de repostos de maquinaria da área de vivenda e urbanismo.

En Carral, a 28 de marzo de 2017

Pablo Couto López
Voceiro Grupo Municipal Socialista

**ENMENDA Nº2**

**ARRANXO DOS ACCESOS DA ÁREA RECREATIVA DA BREXA DENDE A N-550**

| Proposta | Programa | Econ. | Concepto | Emenda |
|---|---|---|---|---|
| Aumenta | 171 | 63900 | Outras inversións de resposición asociadas ao funcionam. | 34099 |
| Diminúe | 334 | 60000 | Inversións en terreos | -34099 |

**MOTIVACIÓN**

Os accesos á area recreativa da Brexa non cumpren coa lei no tocante ao accesos de persoas dependentes, a situación actual fai que esta área situada nas aforas da vila con mal acceso, sen iluminación este con moi pouco uso. Para favorecer este uso consideramos que a mellora dos accesos e unha boa comunicación coa Vila e fundamental.

Por iso presentamos a presente enmenda para que os cartos que se ían utilizar na adquisición de novas parcelas na Brexa se destinen a arranxar e adecuar os accesos.

Non ten sentido ampliar unha zona, antes de facer o que xa existe accesible e con uso continuo.

CONCELLO DE CARRAL SECRETARIA A CORUÑA

En Carral, a 28 de marzo de 2017

Pablo Couto López
Voceiro Grupo Municipal Socialista

**ENMENDA Nº3**

| Proposta | Programa | Econ. | Concepto | Emenda |
|---|---|---|---|---|
| Aumenta | 172 | 13100 | Perosal laboral temporal | 19000 |
| Aumenta | 171 | 22711 | Mantemento zonas verdes | 17518,78 |
| Diminúe | 170 | 63200 | Edificios y otras construcciones | -36518,78 |

**MOTIVACIÓN**

*A situación de paro segue sendo dramática, Carral, tampouco se libra desta lacra, por elo non se debe desaproveitar nin un so euro que nos perita contatar persoal, para máis nun concello que ao estar sometido ao plan de estabilidade presupostaria do Ministerio de Hacienda, ten totalmente limitada a contratación propia de persoal.*

*Sabendo ademais que a partida a disminuír non ten claro que se poida chegar a executar, trátase da "aula da natureza" no polígono industrial, un sen sentido que ademais poida que sexa ilegal.*

*Por todo isto pensamos que é mellor dedidar a metade (máximo permitido nas bases) do otorgando no Plan de Medio Ambiente da Deputación para a contratación dunha brigada medioambiental para realizar tarefas de limpeza, valoración e protección do medio. Aumentar tamén a partida de mantemento das zonas verdes ante o deficiente estado que presentan.*
*En Carral, a 28 de marzo de 2017*

*Pablo Couto López*
*Voceiro Grupo Municipal Socialista"*

**1.-** Un incremento no fondo de emerxenci social para gastos coma aluguer, luz ou auga de persoas en situación de desamparo. Coida que 5.000 € non foron suficientes o ano pasado, e que precisouse axuda de La Caixa, e opina que, para non depender de entidades privadas, habería que prever unhas necesidades cada vez maiores ao incrementarse a poboación, de xeito que propón incrementalo a 20.000 € (aínda que, se se respectase a proporción con Culleredo, que destina uns 240.000 € a tal finalidade, cunhas seis veces a nosa poboación, Carral debería empregar uns 40.000 €).

**2.-** Opina que se deben arranxar os accesos á Brexa, pois non cumpren coa normativa de accesbilidade, e non teñen iluminación, Coida que, en vez de comprar máis fincas, debería darse forma ao que xa se ten, e propón destinar 34,099 € para mellorar tales accesos.

**3.-** Por outra banda, pide que recapaciten de novo sobre a creación dunha aula da natureza no



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

polígono, e di que non ten notvas de que a APLU lle dese o seu visto e prace. Opina que ninguén lle ve sentido a empregar alí 36.000 €, e que podería albergar un obradoiro de alfcrería pola arxila que alí existe, mais que sería mellor en Buño. Considera que a subvención se podería destinar na súa metade á contratación dunha brigada, e coida que sería un fin mellor, dada a situación de paro existente. Opina que, mentres se ten o Antón Fraguas sen ocupar, sería mellor, en vez de seguir facendo edificios, contratar unhas catro persoas durante tres meses de primavera para limpar os roteiros que, na súa opinión, non se están a limpar, máis do que fan os veciños (coma, por exemplo, el mismo en zonas de Reboredo), co problema de que, cando se pecha un camiño, é complicado que se volte abrir. Opina que é un uso mellor para eses fondos que esa "*cousa no medio do polígono que ninguén entende, quizais en Marte*".

A señora Duarte Gerpe (voceira do grupo municipal do PP) resposta, en canto ao incremento en emerxencia social, que parece que o señor Couto non vive en Carral, e que pensa en Culleredo; opina que Carral é o Concello que mellor atende estas necesidades (dunhas 110 persoas) na comarca. Explica que a partida ao respecto xa se incrementou de 3.000 a 5.000€, ademais doutros 2.000 e 3.000 euros que achegou a Fundación La Caixa, que está para finalidades sociais, e que eles mesmos piden que se lles soliciten cartos, ademais de haber unha empresa anónima no polígono que colabora coas familias directamente. Explica que a partida se esgota non polo incremento de necesidades, senón porque, por exemplo, en Nadal os nenos tiveron os xoguetes que pediron, e non reciclados. Engade que, se non chegasen os 5.000 €, ademais hai partidas vinculadas. Manifesta que se creou o banco de alimentos municipal no Toñito Espiñeira a maiores do da Cruz Vermella, do que se realizou o 27 de marzo a terceira entrega, a familias normais, con vítimas de violencia de xénero, ou desestruturadas, ou ás que lles mermaron os ingresos puntualmente. Coida que así se fomentan os valores que se perderon en canto á educación en solidariedade. Reitera que o señor Couto compara Carral con Culleredo, na súa opinión, sen saber cantas familias están afectadas en Carral, e engade que a Xunta tamén ten axudas de emerxencia social para o pagamento de alugueres. [O señor Couto coida que se vai "*polos cerros de Úbeda*" , mais o señor Alcalde pídelle que non interrumpa, pois non ten a palabra]. A señora Duarte engade que agradece que se preocupe, mais pide que todos colaboren co banco de alimentos, pois necesitan "*pasta e non espaguetis*". En canto á partida da que o señor Couto propón retirar crédito, explica que se refire a subministración de materiais para os obreiros, e que xa hai 13.476 € gastados con cargo a ela, o que pode comprobar coa Intervención se ten algunha dúbida.

No tocante ao acceso á Brexa, a señora Duarte indica que, ainda que o señor Couto é enxeñeiro, para determinar que os 34.099 € para investimento en terreos se poden destinar a tal finalidade, habería que ter unha memoria ou proxecto cunha previsión de canto costa arranxalos. Explica que, para iso, a Intervención tería que facer cambios no anexo de ingresos. Opina que a adquisición deses terreos é interesante para que esa zona sexa un escaparate de Carral, igual que candos e entra en Arteixo hai unha área recreativa con pistas para xogar ou grellas. Non sabe por que se ha de menospreciar o que temos en Carral, e explica que o colexio xa solicitou a semana pasada por rexistro poder acompañar aos nenos á área da Brexa, igual que levaron aos nenos do campamento de verán. Por outra banda, coida que, mentres o señor Couto critica que se asfalta todo, propón destinar uns 34.000 € ao camiño que vai á Brexa.

Por outra banda, explica que nos cálculos do señor Couto para a contratción de persoal laboral por uns 19.000 €, esqueceu os gastos en Seguridade Social e vestiario. En relación ao mantemento de roteiros, explica que en nada estarán contratados, pois hai unha subvención duns 20.000 € para acondicionar e limpar o Roteiro Mariñán nuns 17 quilómetros, ademais doutros 39.000 € para o acondicionamento dos muíños. Engade que moitas persoas que andan en bicicleta buscan zonas pechadas, xa que os roteiros BTT son campo a través. Engade que o señor Couto, que propón quitar 36.518 € da construción da Aula da Natureza, está a poñer trabas para tal obra, non sabe se de xeito persoal ou co seu grupo (o señor Couto manifesta que todo está consensuado co seu grupo), e opina que está obsesionado contra a reutilización dese espazc, para o que se

obtivo unha subvención da Deputación incluida no plan provincial de Medio Ambiente, previa solicitude mediante resolución da Alcaldía do 14 de xullo. Coida que o señor Couto está pendente dun informe da APLU, e que lle parece que vive únicamente para iso, ainda que "*supostamente traballe na Deputación*". A señora Duarte Gerpe pídelle ao señor Couto que escoite e conteste, pois non ten ningún interese na súa vida privada, mais si no que afecta ao público, e indica que está cansa de que a xente lle pregunte sen ela saber que dicir sobre se o señor Couto traballa na Deputación e pode explicar como entrou.[O señor Couto replica que "*se está pasando*" con este "*interrogatorio sobre a súa vida privada*" e sobre o seu contrato coa Deputación, e que este asunto non está dentro do punto a debate. O señor Cetina manifesta que tamén hai outras persoas na Deputación contratadas polo PP. O señor Alcalde pide que non se volte interrumpir á señora Duarte, que ten curiosidade por saber se este asunto ten relación co debatido, e engade que a el lle toca moderar o debate e en quince anos non pasou o que está a acontecer. Pide aos membros do grupo do PsdeG-PSOE que calen e que só falen cando llelo autorice, e pregúntalles se queren parar para tranquilizarse]. A señora Duarte indica que non é un ataque persoal, senón unha oportunidade para realizar unha aclaración que o beneficia coma persoa pública. Engade que o equipo de goberno municipal ten publicado no BOP todo o que cobra, tanto por soldos coma por asistencias a sesións, e manifesta que dende este pleno lle vai preguntar ao señor Couto en todas as sesións, ata que conteste o que, na súa opinión, debe aclarar aos veciños. Opina que o señor Couto traballa cos cartos de todos, cunha especie de "*porta xiratoria*", e manifesta que non sabe como, se polo interese de Carral ou co afán de "*machacar*" as propostas do Concello. Por iso, opina que é importante saber que cargo ocupa, canto dura, se está vinculado ás eleccións, e se entrou "*a dedo*" ou previa convocatoria, e que faga públicos os seus honorarios (por exemplo, cando fai o xornal do PSOE), e se vai paralizar na Deputación as iniciativas do Concello.

O señor Couto opina que non se pode ser máis "*barriobajera*", e indica que, coma asesor do equipo de goberno da Deputación, nomeouno o Presidente por libre designación, e durará ata que el queira, ainda que cre que está contento. Manifesta que o que fai é para beneficiar a Carral, e reitera a súa opinión sobre que é ilóxico facer unha aula da natureza no medio dun polígono industrial en medio de industrias contaminantes, ademais de ilegal, según el, o que podería acarrear unha denuncia para engadir aos máis de 100.000 € que haberá que pagar a Varinca e aos máis de cen mil se pagaron a Candal por unha factura que non se cobrou da promotora que quebrou na zona da cervexaría, por actuar polo sistema de cooperación. Suxire que envíen un escrito ao Presidente da Deputación para que lles diga cales son os seus labores alí, e como atende a alcaldes coma os de Abegondo, Cesuras ou Curtis en relación a proxectos para toda a provincia. Engade que el mira por Carral, e que propón que se cambie o proxecto para que non se faga "*esa burrada*" (que sumar, na súa opinión, ás do IES, as pistas de pádel ou ao que ían tirar no centro social de Sergude e se tivo que encerrar a xente. En relación ás emerxencias sociais, engade que non se pode saber o que vai pasar e alégrse de que a xente estea atendida (pois é o traballo dos servizos sociais do Concello), mais opina que sería mellor poñer máis diñeiro por se acaso que ter que depender dunha Fundación. En relación á Brexa indica que non sabe se o fan para que o vexan os de fóra, pois reitera a súa opinión de que é unha zona fría e húmida que non se usa, coma a "*tolería*" da pista de skate. Recoñece que tivo un erro no custe en canto á seguridade social dos traballadores (pois o seu traballo na Deputación é relativo a estradas, pontes...), mais coida que 19-000 euros chegan para contratar a catro persoas tres meses. Por outra banda, non concorda co que di a señora Duarte sobre que os que andan en bici queren encherse de silvas, pois non é "*Mad Max*". Por último, engade que el na Deputación so recibe parabéns, e que isto é un cambio de sentido nas relacións entre os seus grupos, pos coida que usar a política baixa nun pleno é o pior.

[O señor García González abandona a sesión ás 12:58 horas].

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*www.carral.es*

O señor Bergondo Trillo manifesta que lle parece vergoñento que deixen que c señora Duarte diga iso, xa que fala en representación do seu partido. [O señor García González reincorpórase á sesión ás 12:59 horas]. Engade que, se queren saber a duración do contrato e o salario dun axudante dun cargo político na Deputación, poderían preguntarllo a Sonia Fernández, a filla do Alcalde, de quen di que é a súa amiga e que a respecta. Reitera que lle parece vergoñento falar disto. En canto ás emerxencias sociais, opina que a señora Duarte "*soltou un rollo moi bo sobre o seu labor*" , e que ninguén a critica, mais parécelle estrañoque diga que non necesita que lle dean máis cartos para ese labor. En canto á Brexa, opina que hai que usar máis as pernas e menos o coche, e que "*è unha merda*" o parque, e "*insufrible*" ir alí cun carriño de bebé ou cunha cadeira de rodas, mais que a señora Duarte probablemente vai en coche. En canto á aula da natureza no medio do poligono industrial, opina que o edificio dá vergoña dende que se fixo, cando estaba Vales coma Alcalde. Coida que non parece un lugar axeitado para iso, aínda que poida selo para Protección Civil. Expón que temos campos que coidar e muíños tirados hacia Cañás, mais lamenta que é unha mágoa que non se xunten os grupos municipais para propoñelas nin se lles pidan. Tamén coida que non é un argumento que as emendas non se poudan levar a cabo porque para Intervención é "*insufrible*" levar os datos dun lugar a outro no ordenador.

A señora Duarte Gerpe considera que non se meteu na súa vida privada, senón que lle preguntou polo destino de cartos públicos da deputación Coida que non é unha vergoña preguntar polo traballo que fai para que os veciños saiban por que está na Deputación. O señor Couto replícalle que o que cobra está na web da deputación, e pídelle ao señor Alcalde que faga de moderador. O señor Alcalde respóstalle que é concelleiro e que cobra da Adminisrtración, e pregúntalle se lle dá vergoña, pois non é nada clandestino.

**VOTACIÓN E ACORDOS**

O señor Alcalde somete a votación, en primeiro lugar, de xeito individual, cada unha das emendas presentadas polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, e todas ellas son rexeitadas, de unha en unha, por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)).

Sometida a votación posteriormente a proposta da Alcaldía, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos en contra (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

**1.**-Aprobar incialmente o orzamento xeral do Concello de Carral para o ano 2017 cunhas previsións no orzamento de ingresos de 5.169.100,64 € e unha consignación no orzamento de gastos de 5.005.959,45 €.

**2.**- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

**3.**- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello , previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da

Coruña , polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**4.-** O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

**5.-** O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista.

## 3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2017.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 20 de marzo de 2017, como segue:

"*(...) PROPOÑO ó Pleno desta Entidade, logo da fiscalización pola Intervención Municipal a aprobación do Expediente de RECOÑECMENTO EXTRAXUDICIAL 1/2017 dos créditos que se presentan como Anexo I a este expediente por importe total de 80.934,61 €*"

***ANEXO I:RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL 1/2017.***

| Terceiro | Nome | Nº de Factura | Data Fra. | Data | Importe Total | Programa | Economica |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B15651771 | AUTOCARES REBOREDO, S.L. | Emit- 12 | 05/10/2016 | 03/01/17 | 1.045,00 € | 231 | 22613 |
| B15651771 | AUTOCARES REBOREDO, S.L. | Emit- 13 | 05/10/2016 | 03/01/17 | 660,00 € | 334 | 22300 |
| B15696149 | ESTACION DE SERVICIO BUGALLO S.L. | A 1124 | 30/11/2016 | 12/01/17 | 646,08 € | 150 | 22103 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A140300 1 | 31/05/2014 | 31/01/17 | 22,61 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A150150- 2 | 31/03/2015 | 31/01/17 | 83,20 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A150224 3 | 30/04/2015 | 31/01/17 | 39,10 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A160441 11 | 30/09/2016 | 31/01/17 | 23,73 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A160526 12 | 30/11/2016 | 31/01/17 | 54,74 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A150349 4 | 30/06/2015 | 31/01/17 | 92,99 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A150411 5 | 31/07/2015 | 31/01/17 | 16,54 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A150509 6 | 30/09/2015 | 31/01/17 | 44,89 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A150561 7 | 31/10/2015 | 31/01/17 | 43,22 € | 150 | 22111 |

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A160081 8 | 29/02/2016 | 31/01/17 | 227,52 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A160138 9 | 31/03/2016 | 31/01/17 | 235,65 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | A160287 10 | 30/06/2016 | 31/01/17 | 23,61 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150009 13 | 31/01/2015 | 31/01/17 | 94,31 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150032 14 | 28/02/2015 | 31/01/17 | 337,64 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150059 15 | 31/03/2015 | 31/01/17 | 186,21 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150265 24 | 31/12/2015 | 31/01/17 | 326,94 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150203 21 | 30/09/2015 | 31/01/17 | 529,08 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150226 22 | 31/10/2015 | 31/01/17 | 231,91 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150241 23 | 30/11/2015 | 31/01/17 | 701,58 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150172 20 | 31/08/2015 | 31/01/17 | 478,80 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150143 19 | 31/07/2015 | 31/01/17 | 204,31 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150118 18 | 30/06/2015 | 31/01/17 | 316,25 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150072 16 | 30/04/2015 | 31/01/17 | 259,85 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B150094 17 | 31/05/2015 | 31/01/17 | 274,10 € | 150 | 22111 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160011 25 | 31/01/2016 | 31/01/17 | 48,62 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160024 26 | 29/02/2016 | 31/01/17 | 392,50 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160041 27 | 31/03/2016 | 31/01/17 | 270,58 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160060 28 | 30/04/2016 | 31/01/17 | 404,72 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160110 30 | 30/06/2016 | 31/01/17 | 168,14 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160081 29 | 31/05/2016 | 31/01/17 | 511,16 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160141 32 | 31/08/2016 | 31/01/17 | 437,84 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160127 31 | 31/07/2016 | 31/01/17 | 111,57 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160164 33 | 30/09/2016 | 31/01/17 | 793,80 € | 150 | 22112 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009668471 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 46,15 € | 165 | 22100 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160181 34 | 31/10/2016 | 31/01/17 | 303,71 € | 150 | 22112 |
| B15047475 | JESUS GONZALEZ BELLO S.L. | B160201 35 | 30/11/2016 | 31/01/17 | 462,80 € | 150 | 22112 |



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***www.carral.es***

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009572565 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 357,75 € | 320 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009598021 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 48,24 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009607428 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 221,65 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009612964 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 42,92 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009580318 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 262,30 € | 330 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009616710 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 31,38 € | 320 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009596188 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 181,75 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009630395 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 303,29 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009587871 | 06/11/2016 | 31/0117 | 44,58 € | 330 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009630391 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 193,81 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009630946 | 06/11/2016 | 31/01/17 | 39,49 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009656289 | 06/11/2016 | 01/02/17 | 51,79 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009636324 | 06/11/2016 | 01/02/17 | 60,83 € | 342 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009680300 | 06/11/2016 | 01/02/17 | 577,56 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009680328 | 06/11/2016 | 01/02/17 | 2,71 € | 165 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009661628 | 06/11/2016 | 01/02/17 | 23,64 € | 320 | 22100 |
| A65067332 | GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137009628944 | 06/11/2016 | 01/02/17 | 65,68 € | 165 | 22100 |
*Somos nós, os usuarios, os que mellor vemos o que acontece diariamente, polo que, na nosa humilde opinión e sen ánimo de perxudicar a ninguén SUXERIMOS:*

*a) Que estas dúas liñas Aeroporto-A Coruña, deben perdurar indefinidamente (ainda que se poña en marcha a Intermodal), dadas as súas características:*

- *Polas súas rutas importantes de entrada á cidade.*
- *Pola eficacia e eficiencia no servizop que presta e na puntualidade.*

*b) Un intercambiador na glorieta da Ponte pasaxe, para que todos os cidadáns de Oleiros, Sada, etc poidan facer transbordo para ir ao aeroporto por só 0,86 euros, así como para acudir aos diferentes centros hospitalarios ou ao centro da cidade.*

*c)Outro intercambiador na glorieta do aeeroporto (de conexión á 3ª ronda), para que, os usuarios que viven pola zona de Carral, Almeiras, etc, poidan facer trasbordo e coller o autobús que máis lle conveña, ben par ir por Alfonso Molina, ou aos diferentes hospitais.*

*d)Pedirlles, que negocien con AENA para habilitar o aparcamento que está a carón da glorieta mencionada (c) para todo aquel/la traballador/a (que vive nalgún pobo polo que non pasa o transporte público e que diariamente acude a súa xornada laboral) poidan deixar o seus coches por un módico prezo de 1 euro/xornada laboral. Os interesados (só os que acudan á cidade), solicictarían unha tarxeta de acceso para ese aparcamento, para a que precisarían previo xustificante laboral para concedérllela. Estes/as traballadores/as deixarían os seus coches reservados e collerían os autobuses do aeroporto, reducindo así, a entrada de vehículos á cidade, á vez que, estaríamos aportando un diñeiro para o mantemento dese apartamento.*

*Dispoñendo de autobuses suficientes para estas dúas liñas e coa creación destes dous intercambiadores, non entrerían tanto autobuses á cidade, xa que, darían a volta en ámbolas dúas glorietas, o que permitiría maior frecuencia para os da área metropolitana que, significa mellor servizo á cidadanía.*

*Esta suxerencia, non pode afectar aos autobuses que entran na cidade nas primeiras horas da mañá procedentes de diferentes concellos, para que os seus usuarios podan chegar puntuais á súa xornada laboral, a non ser que se aumenten autobuses como se indica no parágrafo anterior.*

*Lembrar tamén, algunhas peticións antigas que lle foron enviadas a través de rexistro (ver datas a continuación) a diferentes Concellos da comarca de A Coruña e á Dirección Xeral de Mobilidade. Entre ellas, outras de nova petición ou suxerencia:*

*1.-Adiantar o horario de saída na primeira hora da mañá para todos aqueles/as traballadores/as que comezan a súa xornada ás 7,00 horas.*
*2.-Maiores frecuencias nos autobuses que percorren todos aqueles pequenos pobos para*



CONCELLO DE CARRAL * SECRETARÍA * A CORUÑA

*conectaios cos que chegan á cidade. Antigamente xa circulaban con maior frecuencia. Se non se lle facilita este transporte con frecuencia, ¿qué medio ten que utilizar estes veciños para ir á cidade?, está moi claro, o seu porpio coche sen dispoón del, do contrario, ten que coller un taxi. Entendemos, que si unha empresa concesionaria deixa de prestar o servizo que con anteioridade viña facendo ou que lle sobra tempo para cubrir outro pequeño tramo e non o fai despois de reclamárllo os cidadáns ou o Concello, hai que rescindírllelo contrato. ¿Acaso o cidadán non debe ter ese servizo despois dos impostos que paga?*

*3.-A licitación e posta en marcha do carril bici, dándolle prioridade ao tramo desde a praia de Oza até a Ponte Pasaxe para conectalo co de Culleredo. A licitación tamén doutros tramos. Xa somos moitos os que acudimos ao traballo en bci e resulta perigoso ier pola avenida entre os vehículos e polas beirarúas entre os viandantes.*

*4.-Poñer en marcha o tran de cercanías e aproveitar os recursos materiais existentes, como son as vías que chegan até o Palexco como traxecto final do tren, facendo paradas en O Burgo, entre os hospitais Materno e Oza, así como en Elviña-Universidade, etc.*

*5.-Retomar a posta en marcha do tranvía na cidade, dada a existencia das vías que no seu día tiveron un coste importante. O cidadán non sabe o verdadeiro motivo da súa paralización, xa que era un medio de transporte máis. Si esta paralización é definitivamente, pedimos a eliminación da beirarrúa central que dá servizo ao apeadeiro que hai entreo o hospital Abente y Lago e o Castelo de San Antón ao carón do aparcamento da Solana. Este espazo serviría para máis aparcamentos públicos dada a proximidade deste hospital.*

*6.-Estudar a viabilidade dunha rotnda para praza de Ourense na que se pode:*

*- Habilitaríaselle parte o acceso aos vehículos que circulan polas Rúas Padre Feijoo e Fontán en direccióin ao tunel da Mariña.*

*- Habilitar parte do carril de aparcamentos á saída da cidade como parada de bus.*

*- Negociar coa Autoridade de Portuaria parte do seu terreo ao carón da Delegación do Goberno para a outra parada de buses de entrada á cidade.*

*-Negociar tamén, a entrada dos autobuses metropolitanos a través do Porto até o Palexco para evitar o colapso na Avda. Ente Xardíns de Méndez Núñez na súa incorparión a Avd. do Porto (antiga Alferez Provisional).*

*Con data 20/06/2014 envioúse un escrito acompañado de máis de medio millar de sinaturas ao antecesor Alcalde de A Coruña (Sr. Negreira), no que solicitábamos melloras no transporte público, asío como doutras necesidades na cidade. Non recibimos contestación pola súa parte.*

*Na data 01/12/2014, rexistrouse outro escrito dirixido a todos os alcaldes da que consideramos área metropolitana, Betanzos, Miño, Pontedeume e Ferrol e que deben ter constancia.*

*O día 10/11/2015, rexistráronse escritos a o Concelleiro de Mobilidade de A Coruña así como ao Alcalde de Culleredo.*

*Nas datas 5 e 10 de novembro de 2015, mantívose unha reunión co Alcalde de Culleredo e co Conselleiro de Mobilidade de A Coruña para tratar o tema do transporte público urbano, interurbano e da nova liña do aeroporto que estamos solicitando, así como da chegada do bus actual ao hospital Abente y Lago, que por mor das obras da Mariña quedaba entre xardís e que xa está en fucionamento desde outubro.*

*Con data 12 de novembro de 2015, rexistrouse un escrito dirixido á Dirección Xeral de Mobilidade no que solicitábamos a implantación dunha nova liña de transporte público que realice o traxecto dende o Aeroporto-Hospital Abente y Lago con paradas en Vilabora, A Corveira, O Portádego, A Pasxe, os diferentes hospitais (Teresa Herrera, A Coruña, Oza), Os Castros, Avda. Exército (Casa do Mar), Delegación do Goberno, Avda Marina (Obelisco), Porta Real e H. Abente y Lago, co seu retorno e pardas nos mesmos lugares. Achégase copia do escrito.*

*Ante a falta de contestación (desde hai máis dun ano) por parte da Dirección Xeral ao noso escrito e ás chamadas telefónicas, decicidmos publicano no xornal, ao que, sí deu contestación a través do mesmo,. Decindo que está en estudo. Entendemos, que xa pasou un tempo considerable e que queremos pedirlle que se axilice o estudo, para que, aproveitando a entrada anunciada de 39 liñas inerurbanas na cidade da Coruña (para as que, a empresa xa está realizando probas de funcionalidade), se realizaren tamén as probas desta nova liña que solicitamos.*

*A nosa peticfión é de sentido común, como de sentido común é, a antiga reinvindicaicón de crear dunha*



CONCELLO DE CARRAL
SECRETARÍA
A CORUÑA

*vez por todas, un <u>Cosorcio de tranposte público conxunto de autobuses e trens de cercanías</u>, para que todos poidamos subir e baixarnos naquela parada que máis nos conveña.*

*Creemos, que para levar a cabo este consorcio, non sepoden conceder máis concesións longas, simpliemnte, pequenas prórrogas , xa que, cada concello ten diferentes datas de finalización da súa concesión,*

*Polo ben de tódolos cidadáns, os Concellos, a Xunta e a Autoridade Portuaria, en definitiva, todas as forzas políticas se teñen que pñer dacordo e sacar adiante canto antes un gran proxecto que levamos anos reivindicando e que como exemplo de funcionamento o poden ver noutras cidades máis grandes.*

*Aos cidadáns, non nos importan as trifulcas que podan existir entre as forzas oplíticas, só nos interesa que conxuntamente nos escoiten, atendan e leven a cabo as peticiósn que se lle formulan, e que, alomenos, nos contesten para decatarnos que realmente se molestan en ler e estudar as nosas inquedanzas.*

*Entendemos, que todos os proxectos non se poden levar a cabo en curtas datas e que, non todos van ir adiante pero, o do transporte urbano, metropolitano e éste que estamos a solitar da segunda liña aeroporto -entre hospitais é de suma importancia e levamos anos solicitando, como indican as datas de rexistro, polo que, dada a existencia e concesión da actual iña do Aeroporto e a necesidade de aumentar autobuses polo aumento importante de pasaxeiros,*

*SOLICITAMOS:*

*-Que os ogobernos e as forzas políticas dos diferentes Concellos antes mencionados, realicen as xestións oportunas coa empresa adxudicataria (daliña do Aeroporto-Abente y Lago) e coa Xunta, para a <u>implantación dunha segunda liña de transporte pública que realice o traxecto dende o Aeroporto-Hospital Abente y Lago</u> con paradas en Vilaboa, Corveira, O Portádego, A Pasaxe, os **diferentes hospitais (Teresa Herrera, A Coruña, Oza)**, Os Castro, Avda. Exército (Casa do Mar), Delegación do Goberno, Avda. Da Marina (Obelisco), Porta Real e Hospital Abente y Lago, co seu retorno e paradas nos mesmos lugares.*

*-Que se atenda e teña en conta esta proposta, que ademáis pensamos, que como pasou coa ampliación da ruta da actual liña do aeroporto terá moitos usuarios, que representarán máis beneficios para a empresa de transporte e os cidadáns sentirémonos satisfeitos coa aprobación da mesma.*

*-Aprobación dun <u>Consorcio de transporte público conxunto de autobuses e trens de cercanías</u>, para que todos os usuarios poidamos subir e baixar naquela parada que máis nos conveña.*

*-En definitiva, se atenda e dentro do posíbel, se aprobe e leve a cabo todo o exposto.*

*A Coruña, 6 de marzo de 2017*

*Asdo: Domingo Sorga Gómez*
*Presentada por:*
*Cesar M. Bergondo Trillo*
*En representación de Asemblea de Carral.*
".

O señor Bergondo Trillo explica que se propón a agrupación de todos os concellos da comarca para mellorar o transporte urbano entre o aeroporto e os hospitais, así como a mellora dos horarios dos autobuses (xa que o que sae máis cedo é ás 7 da mañá) , e para que haxa máis autobuses e liñas. Engade que o problema é que da Coruña só veñen dous buses cada hora, e que veñen á vez, con diferencia de dez minutos, para Coruña ou Santiago, e coida que tamén podería haber liñas a Cambre ou Cerceda.

O señor Alcalde indica que a moción só fala de liñas a hospitasis, ao que a señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP), engade que se fala dunha segunda liña do hospital Abente y Lago ao aeroporto, a instancia dunha plataforma para usuarios e traballadores, e que non se fala nada de

liñas a Carral no asunto da moción. O señor Bergondo replica que tamén se fala da creación dun consorcio na quinta folla da moción.

O señor Alcalde manifesta que o importante é o acordo que se propón, e explica que xa hai un consorcio rexido por Mobilidade da Xunta. Engade que o fondo da moción lle parece ben, e que se poñan máis liñas se os buses a Alvedro son insuficientes. Opina, en calquera caso, que non ve sentido a crear plataforma da plataforma da plataforma. A señora Duarte Gerpe opina que o seu grupo debería votar en contra da moción mais o señor Alcalde indica que, se non dá moito traballo enviala, parécelle ben que se amplíen os autobuses.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores concelleiros/as que compoñen a Corporación.

Sometida, de seguido, polo señor Alcalde a votación a moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores concelleiros/as que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

**1.-** Realizar as xestións oportunas coa empresa adxudicataria (da liña do Aeroporto-Abente y Lago) e coa Xunta, para a implantación dunha segunda liña de transporte pública que realice o traxecto dende o Aeroporto-Hospital Abente y Lago con paradas en Vilaboa, Corveira, O Portádego, A Pasaxe, os diferentes hospitais (Teresa Herrera, A Coruña, Oza), Os Castro, Avda. Exército (Casa do Mar), Delegación do Goberno, Avda. Da Marina (Obelisco), Porta Real e Hospital Abente y Lago, co seu retorno e paradas nos mesmos lugares.Que se atenda e teña en conta esta proposta, que ademáis pensamos, que como pasou coa ampliación da ruta da actual liña do aeroporto terá moitos usuarios, que representarán máis beneficios para a empresa de transporte e os cidadáns sentirémonos satisfeitos coa aprobación da mesma.

**2.-**Instar a aprobación dun Consorcio de transporte público conxunto de autobuses e trens de cercanías, para que todos os usuarios poidamos subir e baixar naquela parada que máis nos conveña.

**5.2.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para "*aplicar o gravame ás empresas eléctricas e de gas pola utilización do dominio público*".**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcrebe a continuación:

***"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL GOBERNO***

*O Concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal César Bergondo, formula a seguinte* ***MOCIÓN PARA APLICAR O GRAVAME ÁS EMPRESAS ELÉCTRICAS E DE GAS POLA UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO****, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***Exposición de motivos***

*Existen varias Sentenzas do Tribunal Supremo que avalan as ordenanzas municipais dos C oncellos de Arteixo (A Coruña), Serradilla (Cácerres) e Villalcampo (Zamora) que establecen un gravame ás empresas eléctricas e de gas ola utilización do dominio público das súas instalacións de transporte de enerxía.*

*O Alto Tribunal falla contra as empresas, que non pagaban a taxa que fixan os concellos por atravesar os sesu territorios, porque non recoñecían o gravame ou o consideraban desporoporcionado.*

*A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu que as eléctricas deberían pagar aos municipios aso que fornezan por aire, chan ou subsuelo un 1,5% da súa facturación no término local e que tamén están obrigadas a pagar por atravesar os municipios aínda que non lles fornezan unha taxa que debe fixar un informe técnico-xurídico.*
*Nas citadas Sentenzas o Tribunal Supremo acepta e valida as Ordenanzas Fiscais destes concelllos que establecen e regulan dita taxa e que incorporan á valoración as construccións das liñas eléctricas de alta tensión e as canalizaciones de gas para o cálculo da base imponinle da taxa por utilizcción do dominio público local.*

***ACORDO***

*PRIMEIRO.-Realizar un estudo técnico-económico sobre o estado destras infraestructuras no Concello de Carral.*
*SEGUNDO.-Proceder ao seu gravame segundo a Jurisprudencia do Tribunal Supremo. Parc elo proporase a creación ou modificación, según proceda, das ordenanzas fiscais do Concello de Carral, para permitir dito gravame.*

*Carral, a 29 de marzo de 2017*

*Cesar Bergondo*
*Voceiro da Asamblea Cidadá de Carral.*
*".*

O señor Bergondo Trillo explica que propoñen un gravame ás empresas subministradoras de gas ou luz, que é posible segundo a xurisprudencia, e que xa hai outros concellos que están a gravar cunha taxa do 1,5%.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por sete votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do FP , fronte a seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

O señor Alcalde explica que esa taxa xa se está a cobrar, e a señora Interventora explica que a taxa do 1,5% se está a cobrar a través da Deputación, ao que o señor Bergondo resposta que non o sabía. O señor Alcalde engade que unha cuestión distinta é o gravame das subestacións, e que se está estudando.

**5.3.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para "*a protección de tódolos niños de anduriñas do noso Concello* ".**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcrebe a continuación:

***"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL GOBERNO***

*O Concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal César Bergondo, formula a seguinte* ***MOCIÓN PARA PROTECCIÓN DE TÓDOLOS NIÑOS DE ANDURIÑAS DO NOSO CONCELLO****, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***Exposición de motivos***

*EXPOÑEMOS*

*É unha das aves mais coñecidas popularmente e das mellor estudadas. As andoriñas foron clames para desentrañar aspectos da migración, da selección sexual e da reroducción nas aves. Pola súa proximidade ao home, forman parte da cultura popular, e a súa chegada, é cada vez máis temprana e tortuosa como consecuencia do cmabio climático, considérase anuncio da primavera. Malia a súa abundancia, trátase dunha especie en declive, sobre todo por cultpa do desertización da penísula Ibérica e o cremento do Sáhara cara o sur de África. En 2014 a Andoriña común foi nomeada Ave do Ano por SEO/BirdLife*

*Reproducción*

*O perídodo de crianza é variable no norte desde maio, e finaliza en agosto. Normalmente efectúa dúas postas, ás veces tres. Trátase dun ave monógama, aínda que a paternidade fóra da parella resulta frecuente. Nidifica en silitario ou en colonias pouco compactas, e é fiel ao lugar de crianza e á parella. O niño, construído por ambos sexos, consiste nunha copa aberta de bólas de barro, adhjerida a unha parede e baixo cuberta. Os niños son reparados e reutilizados durante varios anos. O tamaño da posta decrece no tempo. Os ovos, son incubados pola femia ao redor de 15 días. A parella ceba con moita frecuencia aos pollos, ata que voan aos 20-25 días de idade. En cada niño adoitan voar sete ou oito novos ao ano. Chega a vivir polo menos 15 anos.*

*Alimentación*

*A dieta, insectívora, varía entre lugares e épocas. As presas máis consumidas son moscas e mosquitos. Tamén caza formigas voadores, avespas, chinches....O Método de captura consiste en voos acrobáticos de persecución, ás veces en pequenos grupos, a baixa altura non lonxe do niño. Unha actividade da que gozan contemplando moitas persoas á tardiña no noso concello.*

*Meses nos que se poder ver a especie en Carral:*

*Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto, Setembro e Outubro.*

*Por todo o seguinte e dada a importancia ecolóxica dende a Asemblea de Carral*

***SOLICITAMOS***

*1).- Que o pleno municipal de Carral declare ou seu compromiso irrenunciable de protexer e salvagardar tódolos niños de anduriñas do noso Concello.*
*2).- Que se estableza unha sanción para aquelas persoas que incumplan dito comprimiso de 300 €*
*3).- Que o Concello comprométese a manter limpas as beirarrúas alí onde haxa pícaros de andoriñas e divulgue ente a poboación s os beneficios en canto a insectos de ter as andoriñas de veciñas.*

*Carral, a 29 de marzo de 2017*

*Cesar Bergondo*
*Voceiro da Asamblea Cidadá de Carral."*

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por sete votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP , fronte a seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

O señor Alcalde pregunta se pretenden defender as anduriñas africanas ou as daquí, e explica que hai poucas no concello, mais que en Carral probablemente temos o único niño de africanas da comarca en Beira, en casa dunha tía súa, pois o resto son "avións"



CONCELLO DE CARRAL
SECRETARÍA

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*www.carral.es*

**5.4.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para a "obrigatoriedade de coñecer a normativa e ferramentas plenarias por parte d@s concellais en activo ".**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcrebe a continuación:

***"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL GOBERNO***

*O Concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN PARA OBRIGATORIEDADE DE COÑECER A NORMATIVA E FERRAMENTAS PLENARIAS POR PARETE DOS CONCELLAIS EN ACTIVO**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***Exposición de motivos***

*No pasado pleno o Alcalde José Luis fernández Mouriño alegou a unha moción presentada porla Asamblea de Carral que "as mocións son para que a oposición propoña o Concello interactuar con outra institucións" e todo o equipo de goberno votou a non urxencia daquela moción, tamén o Alcalde afirmou que as mocións hai que presentalas con antelación parfa que eles poidan estudalas.*

*Evidentemente con esta afirmación, dende a Asemblea de Carral, entendemos que o goberno local e o seu Alcalde a cabeza descoñecen a normativa que rixe estes plenos, isto é algo inadmisible por parte de aqueles que voluntariamente representan, gracias os votos de tódalas veciñas e veniños deste concello, a democracia.*

*A Asemblea de Carral cree urxente e imprescindible que tódolas concelleiras coñezan as normas que rixen os plenos, por iso...*

***SOLICITAMOS***

1) *Que a secretaría deste Concello facilite a cada acta de concelleira unha copia da actual normativa pola cal se rixen os plenos a día de hoxe e os posibles cambios no futuro.*
2) *Que se no futuro algunha concelleira ou alcaldesa, no transcurso dun pleno, comete un erro ó citar ou apararse na normativa vixente sexa a Secretaría a que "in situ" corrixa o erro a clarando a situación.*

*Carral, a 29 de marzo de 2017*

*Cesar Bergondo*
*Voceiro da Asamblea Cidadá de Carral.".*

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por sete votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP , fronte a seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

O señor Alcalde explica que se aplica o ROF.

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA

**5.5.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para a "actualización do catálogo de patrimonio de Carral en colaboración coa participación cidadá ".**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcrebe a continuación:

**"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL GOBERNO**

O Concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN PARA A ACTUALIZACIÓN DO CATÁLOGO DE PATRIMONIO DE CARRAL EN COLABORACIÓN COA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

**Exposición de motivos**

A situación xeográfica de carral, na periferia da cidade da Coruña, convérteo en obxecto da presión urbanística e lugar ideal para a consturción de diferentes infraestructuras. Como o caso "durmido" do AVE Coruña-Ferrol.

Tamén é a situación xeografica entre antigos asentamentos e un lugar coma o monte Xalo unha das causas de que no noso municipio exista coñecemento da existencia de varios castros, mámoas e moitos outros bens de patrimonio cultural que deben ser portexidos. Moitos deles están remunerados no catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, pero a gran maioría precisa concrear as súas caracterísiticas e ubicaicón, así como recibir protección no terreo.

A LEI 5/2016, do $ de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 3, de colaboraicón interadministrativa, establece entre outros puntos:

2. As entidades que integran a Administración Local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de:
   a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.
   b) Adoptar, en casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvaguardar os bens que viren a súa integridade ou valor amenazados.
   c) Comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural que tales bens sufran.

En 2010 soubemos que a cosntrucción do porto exterior da Coruña na punta Langosteira de Arteixo supuxera a destrucción dun castro calificado como excepcional por expertos e considerado de altísimo valor. E por aquel tempo tamén a destrucción dunha mamoa no Xalo po uns madeiristas. Temos a obriga de evitar que unha situación similar se poida dar no noso concello, polo que temos que poñer todas as medidas necesarias para a investigación e a protección dos bens.

**ACORDO**

Crear unha comisión dependente da área de Cultura que regule un proceso para elaborar un catélogo actualizar e exhaustivo dos bens patrimoniais ubicados no territorio municipal.

Abrir un proceso aberto que promova a participación da cidadanía e das asociacións de diverso tipo para facilitar o traballo deprocura e catalogación de bens até o de agora descoñecidos ou non inventariados.

Que o Concello de Carral, a través da comisión creada, se manteña vixiante ante as ameazas que poidan aparecer para os elementos patrimonias , así como planificar actuacións no hipotético caso do descubrimiento de novos bens.

Incoación de procedemento de icnlusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia dos bens atopados ou daqueles sobre os que non haxa concreción.

Explorar a posibilidade de conseguir fondos destinados a conservación e recuperación do patrimonio no termo municipal.

Carral, a 29 de marzo de 2017

Cesar Bergondo
*Voceiro da Asamblea Cidadá de Carral."*

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por sete votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP , fronte a seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

O señor Alcalde explica que no orzamento hai 24.000 € para a actualización do inventario municipal, e que seguro que a empresa á que se lle adxudique o contrato estará encantada de que se lle preste colaboración.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**6.1.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)**

**1.-** O señor Bergondo Trillo lembra que hai case dous anos a señora Duarte gerpe dixo que se estaba a estudar os diferentes usos para o edificio Antón Fraguas, e pregunta que usos se están a dar tras eses dous anos.

**2.-**O señor Bergondo Trillo pregunta se se está a adoptar algunha medida preventiva para controlar as patacas que entran no concello.

**3.-**O señor Bergondo Trillo pregunta que medidas se están a adoptar para a erradicación da herba da Pampa.

**4.-** Pregunta que medidas se están a adoptar para afrontar a plaga da vespa velutina este ano.

**5.-** Por terceiro pleno, pregunta como vai a elaboración do regulamento orgánico municipal.

**6.-** Por terceiro pleno, tamén manifesta que agarda unha contestaciónpor escrito sobre a súa solicitude para o uso dun despacho polos concelleiros da oposición.

**6.2.- Rogos e preguntas da señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PSdeG-PSOE)**

**1.-** A señora Blanco Fidalgo opina que o presidente ten a obriga de parar as intervencións das persoas que na sesión "*se van polos cerros de Úbeda*", e que non era nin o momento nin o lugar para a intervención da señora duarte Gerpe no segundo punto da orde do día.

**2.-**Indica que as nais das arredor de 500 rapazas que van participar no torneo de ximnasia rítmica amosaron a súa intención de falar co Concello para obter o seu apoio.



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

**6.3.- Preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)**

**1.-** O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) pregunta se xa se licitaron as obras do ano pasado.

**2.-** Pregunta se xa se transmitiu a EMALCSA a obriga segundo o convenio vixente de realizar a planificación das futuras obras e, se non se fixo, pide que se faga e que se lle pase unha copia..

**6.4.-Respostas do señor Alcalde**

O señor Alcalde resposta ao señor Bergondo, en canto á pataca, que o departamento municipal de medio ambiente preguntou á Xunta, e que non hai constancia de que se desen casos da praga, mais que hai que chamar á sensibilidade, ao sentido común e ao civismo para que non se movan, igual que no caso das vespas pois, se se evitan agora os niños arredor das casas ou os alpendres, evitarase que de cada raíña se multipliquen as vespas e que o niño medre. Por iso, apela á colaboración das persoas e a que se fixen e avisen.

Explica que na Deputación se aprobou unha moción en relación aos "*plumachos*" (o señor Bergondo lembra que tamén no Concello de Carral) a proposta do Alcalde de Oleiros, e que case todos estiveron a favor. Coida que, polo menos, habería que eliminalos nas estradas provinciais, e cambiar o sistema de desbroce, mentres se está a tentar nas estradas municipais, e na nacional non se pode actuar por non ter a titularidade dela. Engade que, na maioría das casas particulares, os veciños retiráronas. O señor Bergondo replica que, aínda que non sexa competencia do Concello, se pode pedir a actuación ás entidades competentes, ao que o señor Alcalde resposta que xa se fixo reiteradamente, mais que se recibiron "*contestacións peregrinas*", e que toca en agosto.

No tocante ao edificio Antón Fraguas, explica que están pendentes de que veñan supervisalo da inspección de Traballo para homologalo coma taller de carpintaría, pois hai dous anos lle retiraron a homologación. Engade que por iso non queren retirar a maquinaria, e que no andar superior se están a facer cursos.

En canto ao regulamento orgánico municipal, explica que no seu depsacho ten o de Culleredo e o de Abegondo, e que deu unha copia para que lla pasasen para facer o noso con esa base. O señor Bergondo pregunta a quen lle deu a copia, e o señor Alcalde resposta que a Erika, mais que pode ser culpa del que non lle chegase.

Resposta á señora Blanco que o concelleiro de Deportes vai a todas as actividades que se realizan, (A señora Blanco replica que non dixo o contrario, e que só pediu que vaia mañá, e indica que tamén contan co Alcalde o día do torneo).

No relativo á moderación do debate, o señor Alcalde coida que ninguén se pode sentir ofendido por traballar onde traballe e que, aínda que ás veces se crispan, todos deben ser respetuosos. A señora Blanco reitera que considera que a señora Duarte se saiu do debate, e que por iso debería tela chamado á orde, pois pensa que o que dixo nese momento non procedía. O señor Alcalde opina que non se saiu do debate, pois hai unha denuncia do señor Couto á APLU.

En canto á licitación das obras e outros contratos, o señor Alcalde resposta que aínda non se realizou, mais que espera que en breves días se realicen as do PS e o PAS, para pensar xa nas seguintes.

No tocante a EMALCSA, explica que mañá o recibirá o Director de Augas de Galicia, e que levan

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

un proxecto importante dun novo depósito de auga en carral, por importe de 1.183.540 €. Engade que espera vir con boas novas, e que se falará do colector municipal que vai permitir o saneamento de Sumio, Beira e Quembre.

O señor Couto pregunta que, se o da Grela de Coiro está xa terminado, por que non se pode enganchar oficialmente, e pide que o mire; asemade pide que o estudo se faga por EMALCSA, non por Augas de Galicia. O señor Alcalde resposta que cre que EMALCSA xa está cobrando por iso, mais que se asegurará; engade que cre que EMALCSA trata ao Concello de Carral ben de máis pois fai máis do que lle pertence, e opina que lle deberían estar agradecidos. O señor Couto replica que lle gustaría velo nun papel.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 41 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta e tres páxinas numeradas do un ao trinta e tres , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

| O ALCALDE | O SECRETARIO DO CONCELLO |
|---|---|
| José Luis Fernández Mouriño | Diego García Doval |